

***I Concurso de Microrrelatos
(Outono 2017)***

UN MAGOSTO LITERARIO

1. OBXECTO

O Concello de A Pobra de Trives convoca a **“I Concurso de Microrrelatos”**

Ten como obxectivo descubrir o talento literario e espertar a imaxinación de todas aquelas persoas interesadas na escritura en Lingua Galega e na promoción da nosa Terra.

A presentación dos microrrelatos será do 18 de Outubro ao 8 de Novembro 2017. O microrrelato gañador será anunciado na Páxina Web e nas Redes Sociais do Concello.

2. DEREITO A PARTICIPAR

- Poderán participar no Concurso os maiores de 12 anos.
- Poderán participar todos aqueles que presenten o seu microrrelato tal e como as bases o indiquen.
- Non poderán participar aquelas persoas cos datos incorrectos, incompletos ou ilexibles. Ademais, os datos facilitados deberán ser veraces.

3. REQUISITOS PARA PARTICIPAR

- I. Os traballos que participen no concurso deben incluír as palabras **“bica”, “castañas” e “Trives”**
- II. Os que desexen participar no concurso deberán elaborar un microrrelato cunha extensión que non sobrepase as trescentas (300.-) palabras (sin incluír as palabras obrigatorias nin o título).
- III. O microrrelato deberá remitirse escrito en Lingua Galega, deberá ser orixinal e inédito (non debeu estar publicado anteriormente en ningún medio ou soporte) e non debeu ter recibido previamente ningún premio ou accésit noutro certame.
- IV. O microrrelato deberá enviarse con título.
- V. O prazo para enviar os Microrrelatos será durante a vixencia do “I Concurso de Micro relatos”, isto é, dende o 18 de Outubro ao 8 de Novembro 2017.
- VI. Non se admitirán no presente certame ningún microrrelato enviado fóra do prazo nin tampouco se admitirá en xeral calqueira outro microrrelato que non cumpla as condicións expresadas nas presentes bases.
- VII. Os autores deberán identificarse co seu nome e apelidos e poderán enviar máis de un (1.-) microrrelato, pero cada un irá separado.
- VIII. Poderán enviar os microrrelatos e os datos do participante ao correo electrónico: comunicación@concellodapobradetrives.gal

O presente certame convocado polo Concello de A Pobra de Trives, está suxeito con todo o seu alcance e extensión á aplicación da normativa de Propiedade Intelectual Española e en concreto ao Real Decreto Lexislativo 1/1996, de 12 de abril que aproba o Texto Refundido da Ley de Propiedade Intelectual e demais normativa que lle sexan de aplicación.

Tendo en consideración que a participación é a través de microrrelatos, o participante declara expresamente o indicado a continuación e asume as consecuencias derivadas do falseamento de tal declaración:

1. Que o microrrelato enviado é unha creación do participante, orixinal en todas as partes que a compoñan.
2. Que con respecto ao microrrelato enviado, se autoriza libremente, sin contraprestación algunha, a súa sincronización (total ou parcial), reprodución (total ou parcial), comunicación pública (total ou parcial), transformación (total ou parcial) e distribución (total ou parcial) para calqueira formato e soporte on line.

4. SELECCIÓN DE FINALISTAS Y GANADOR Y ENTREGA DE PREMIOS

1) SELECCIÓN DE FINALISTAS E GANADOR:

A - Xurado:

Estará formado por Profesorado de Lingua Galega tanto do IES Xermán Ancochea coma do CEIP Manuel Bermúdez Couso e tamén pola concelleira de cultura do concello

B - Selección Finalistas:

Todalas decisións do xurado serán tomadas nunha única votación por maioría de votos en base, entre outros, a criterios de estética, calidade literaria e orixinalidade.

Toda decisión do xurado será irrevocable, podendo declarar o premio deserto, si tras unha análise minuciosa dos microrrelatos enviados, ningún tivera a calidade suficiente.

O xurado resérvase o dereito de non admitir no Concurso aqueles microrrelatos que, entre outros, atenten contra os dereitos á intimidade, honra e imaxe de terceiros, ou que conteñan, a modo enunciativo pero non limitativo connotacións racistas, sexistas e/ou discriminatorias, contra a moral e/ou contra a orde pública.

Publicarase o gañador do concurso na Páxina Web e nas Redes Sociais do Concello.

O xurado elegirá o microrrelato gañador basándose en criterios de estética, calidade literaria e orixinalidade.

A elección do microrrelato gañador será comunicada convintemente ao seu autor polo Concello de A Pobra de Trives, no número de teléfono facilitado.

As persoas premiadas están obrigadas a facilitar os seguintes datos persoais: nome e apelidos, DNI, dirección e teléfono de contacto.

2) PREMIO:

1º Premio: 100€ + Lote de Libros

5. ACEPTACIÓN DAS BASES

O participante acepta expresamente cumprir todas e cada unha das BASES do presente CERTAME.

O incumprimento dalgunha das BASES dará lugar á exclusión do participante do presente CERTAME.